



ESCENA GALEGA_PROPOSTA PARA MODIFICACIÓNS NA CONVOCATORIA DE AXUDAS Á CREACIÓN ESCÉNICA 2020 DA AGADIC (DOG núm. 35, do 20 de febreiro de 2020)

1º/ Ampliación do prazo de estrea dos espectáculos, prevista como data límite o 30 de marzo de 2021. Ante o máis que posible retraso na adxudicación da axuda solicitamos que haxa máis marxe para que as empresas beneficiarias da mesma poidan producir os seus espectáculos, tamén para adiantarnos a posibles contratempos derivados dun novo Estado de Alarma ou, en todo caso, dos prazos e ritmos nos que se poida retomar a actividade de produción das empresas.

2º/ Con respecto á modalidade 4, solicitamos que un espectáculo que forma parte dun proxecto de actividade trianual poida ser presentado tamén á modalidade 2 (dalgún xeito as bases xa o reflicten así, pero existen dúbidas na interpretación da convocatoria polo que consideramos que debe constar unha aclaración ao respecto por parte da Agadic)

Atendendo ao texto das bases, a cláusula terceira no punto 7, onde di *"Non poderá presentarse un mesmo proxecto a distintas modalidades"*, consideramos que proxecto non debería considerarse igual a espectáculo. Esta equivalencia ten sentido para as modalidades 1, 2, e 3 que son excluíntes entre elas, pero non para a modalidade 4 cuxa natureza ten un carácter integral, totalmente distinto ás outras modalidades, nas que os proxectos van asociados unicamente ao proceso de produción, estrea e distribución dun espectáculo.

3º/ Busca de mecanismos de adianto da axuda, previos á xustificación de gasto, para favorecer no máximo posible o acceso a liquidez por parte das empresas no momento en que teñan que afrontar pagamentos, por exemplo nóminas dos traballadores/as e resto de gastos derivados das necesidades dun proceso de produción.

4º/ Na cláusula decimo cuarta no referente aos gastos subvencionables no punto 1 apartado b, a convocatoria di *"Para as entidades que foron beneficiarias de subvención na convocatoria de 2019 e estrearon a produción no ano 2020. Desde a data da estrea da produción subvencionada na convocatoria de 2019 e ata a data de estrea da produción subvencionada na presente convocatoria ou ata a realización de todas as funcións comprometidas no caso da modalidade 4."* Solicitamos que, debido á situación derivada do Estado de Alarma e á suspensión de estreas de espectáculos, a convocatoria debería ser modificada pola data prevista da estrea.